


**REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 27/01/2022 8:31:20

**SAIDA**

**1405/22**




Reclamante: 


Expediente. Nº **RSCTG 203/2021**

Correo electrónico: 

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada  mediante escrito do 16 de decembro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 25 de xaneiro de 2022, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 16 de decembro de 2021, reclamación contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, á listaxe de todos os lugares utilizados por Sogama para verteduras, incluíndo a capacidade estimada da instalación, a capacidade utilizada, a superficie, as porcentaxes de verteduras, o ano de apertura, e ano estimado de enchido das instalación e se o xestiona unha empresa subcontratada.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude de acceso á información.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

**Segundo.** Con data do 20 de decembro de 2021, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 22 de decembro de 2021.

**Terceiro.** Con data do 14 de xaneiro de 2022, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda contesta a petición remitindo copia do expediente de acceso á información e informe elaborado polo Secretario Xeral de Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A (SOGAMA).

No informe faise constar que a solicitude do interesado presentouse a través do formulario do procedemento PR100A relativo a cuestións de transparencia no marco da Lei 19/2013, e que se considera que as cuestións formuladas, algunhas das cales son reiterativas, trátanse de solicitudes de información ambiental, polo que, de conformidade coa Disposición adicional primeira, punto 2 da Lei 19/2013, deben tramitarse pola súa normativa específica, Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente, tanto no procedemento de acceso á información como nos procedementos de recurso.

Informa que tanto na páxina web de Sogama, como na propia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pódense atopar a meirande parte das respostas as cuestión formuladas, a pesares do cal, elaborouse unha contestación conxunta ás solicitudes do interesado, que lle foi remitida con data do 13 de xaneiro de 2022.

Na contestación, informa da infraestrutura industrial que xestiona SOGAMA (plantas de transferencia existentes e a súa distribución, vertedoiro de residuos non perigosos e planta de compostaxe industrial), da estrutura do Complexo cercedense (planta de clasificación de envases lixeiros, planta de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible, planta de recuperación de materiais contidos no lixo en masa, planta de coxeración e planta termoeléctrica ligada a unha subestación de distribución de electricidade).

Informa que Sogama non ten previsto pór en marcha instalacións de vertedura, senón unha rede industrial de infraestruturas para facilitar que os concellos teñan acceso á valorización da materia orgánica, contando a empresa pública unicamente cun vertedoiro de residuos non perigosos. As previsións de crecemento nos próximos anos de dito vertedoiro e dos vertedoiros de escouras e de cinzas son públicas e figuran na plataforma de contratos de Galicia (do que indica os seus links de acceso).

Respecto dos datos sobre as cantidades anuais de lixo procesadas, vertidas e separadas para enviar aos recicladores dende a data da creación da sociedade, e dado que Sogama foi creada no ano 1992, non se dispón de datos automatizados en bases de datos de antes do ano 2008, e a recompilación de datos acarrearía un traballo desmesurado ao que a empresa pública non pode dedicar recursos humanos nestes intre, centrados noutras tarefas urxentes, polo que remite datos referentes á evolución anual segundo os datos procesados desde 2008, que considera que proporcionan unha visión nítida de conxunto e contesta amplamente a

información solicitada (entradas envases lixeiros, depósito directo no vertedoiro de residuos non perigosos, porcentaxe de vertido directo sobre o total de bolsa negra recepcionada, porcentaxes de reciclado, valorización enerxética, vertedoiro (directo e rexeitamentos) e compost).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas

funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e

reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente, polo que polo que debe admitirse a reclamación presentada con data do 16 de decembro de 2021 por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O interesado solicitou acceso á listaxe dos lugares utilizados por Sogama para verteduras, capacidade estimada da instalación, capacidade utilizada, superficie, porcentaxes de verteduras, ano de apertura, e ano estimado de enchido das instalación e se o xestiona unha empresa subcontratada.

Entrando na análise da información solicitada, debemos considerar que a información que se solicita ten carácter medioambiental como así o considera a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A (SOGAMA).

De conformidade coa Disposición Adicional Primeira da Lei 19/2013, deben tramitarse, ao ter esta materia previsto un réxime xurídico específico, tanto no procedemento de acceso á información como nos procedementos de recurso, pola súa normativa específica, e supletoriamente, no non previsto, pola normativa en materia de transparencia.

A Lei 19/2013 ten un carácter supletorio respecto daquelas materias que teñan unha regulación específica de acceso á información, como sucede no caso da información ambiental, que se atopa regulada na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

O artigo 2.3 desta Lei considera información ambiental toda información en forma escrita, visual, sonora, electrónica ou en calquera outra forma que verse sobre o estado dos elementos do medio ambiente (aire, atmosfera, a auga, o chan etc..) os factores, tales como substancias, enerxía, ruído, radiacións ou residuos, emisións, verteduras e outras liberacións no medio ambiente, que afecten ou poidan afectar aos seus elementos, as medidas, incluídas as medidas administrativas, como políticas, normas, plans, programas, acordos en materia de medio ambiente e actividades que afecten ou poidan afectar os elementos e factores anteriores, así como as actividades ou as medidas destinadas a protexer estes elementos, os informes sobre a execución da lexislación ambiental e as análises da relación custo-beneficio e outras análises e supostos de carácter económico utilizados na toma de decisións relativas ás ditas medidas e actividades, así como as referidas ao estado da saúde e seguridade das persoas, incluída, no seu caso, a contaminación da cadea alimentaria ou condicións de vida

humana, cando se vexan ou poidan verse afectados polo estado dos elementos do medio ambiente citados.

Certamente, o concepto de información ambiental contido na Lei 27/2006, e nas Directivas Europeas 2003/4/CE e 2003/35/CE é dunha gran amplitude, afirmándose en diversas sentencias Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas que o concepto de información medioambiental abrangue calquera información relativa ao estado dos distintos elementos do medio ambiente, as actividades ou medidas que poidan afectar ou protexer o estado dos devanditos elementos, incluídas as medidas administrativas e os programas de xestión do medio ambiente, debendo ser interpretada a directiva no senso de que no concepto de medidas administrativas, non se debe excluír ningunha das actividades que desenvolve a autoridade pública, debendo incluírse todas as formas de exercicio de actividade administrativa. O Tribunal mantén que para que unha información se considere que versa sobre medio ambiente a efectos da Directiva, basta que un informe da Administración constituíse un acto que puidese afectar ou protexer o estado dalgún dos sectores do medio ambiente aos que se refire a Directiva.

De acordo co anterior, non cabe senón concluír que a solicitude, polo seu contido relativo a materias que sen dúbida deben ser incluídas dentro do concepto de información ambiental do artigo 2 da citada Lei 27/2006, referida aos os lugares utilizados para verteduras, a súa capacidade, a capacidade utilizada, superficie, porcentaxes de verteduras etc. debe ser tramitada de acordo co procedemento establecido na mesma, incluíndo os procedementos de recurso, carecendo por tanto esta Comisión de competencia para resolver sobre esta materia, polo carácter ambiental da información que se solicita.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Único :** Inadmitir a reclamación presentada por ██████████ con data do 16 de decembro de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, á listaxe de todos os lugares utilizados por Sogama para verteduras, incluíndo a capacidade estimada da instalación, a capacidade utilizada, a superficie, as porcentaxes de verteduras, o ano de apertura, e ano estimado de enchido das instalación e se o xestiona unha empresa subcontratada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-



administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:

S6500009C)

Fecha: 2022.01.26 14:06:57 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño

**Presidenta da Comisión da Transparencia.**